



“DOCUMENTANDO O MARCO”

Biblioteca-Centro de documentación

Descripción da actividade

O obxectivo deste proxecto é recoller testemuños sobre o pasado do edificio do MARCO, antes da súa rehabilitación e o seu novo uso como Centro de Arte Contemporánea, para axudarnos a recompilar a 'memoria viva' do edificio a través de experiencias persoais.

Estes testemuños poderán recollerse ben por escrito, ben con gravacións de voz ou de imaxe de vídeo (as gravacións serán baixo cita previa). Tamén se lles anima a que acheguen documentación como fotografías, cartas, etc. que consideren de interese como imaxe ou testemuño do pasado, que nos comprometemos a copiar e devolver nas mesmas condicións. Todo o material recollido será depositado na Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO, onde se garantirá a súa custodia e conservación e se porá a disposición de calquera persoa interesada na súa consulta. A duración do proxecto é indefinida.

Datos persoais

Nome e apelidos:

Idade:

Enderezo

Profesión:

Lugar de orixe:

Experiencia relacionada con:

- Cárcere Xulgados Outros (especificar) _____

Datos sobre a entrevista

| | | |
|--------------------------------|---|--------------------------------|
| Data entrevista: | | |
| Soporte utilizado: | | |
| <input type="checkbox"/> Vídeo | <input type="checkbox"/> Gravación de voz | <input type="checkbox"/> Papel |
| Material adicional: | Nº documento: T/ | |

Testemuño

Cales son as súas lembranzas en relación co edificio do MARCO?

D./Dña. con DNI quedo informado/a de que a Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, é a propietaria do material obtido como resultado das entrevistas realizadas con motivo do proxecto "Documentando o MARCO", que consistente na recollida de testemuños persoais mediante textos escritos, vídeos e/ou gravacións sonoras, así como na dixitalización de material documental (fotografías, cartas, etc.) que as devanditas persoas nos faciliten.

As gravacións e documentos obtidos serán depositados na Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO, onde se garantirá a súa custodia e conservación. Mediante esta sinatura autorízase ao MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, a poder usar o devandito material como: material de consulta para investigadores, reproducción parcial ou total en publicacións sobre o MARCO, e difusión en ámbitos científicos, tecnolóxicos e culturais.

Vigo, de de

Asdo.: